



nuevo alcalde, con independencia de las delegaciones que nos mismos se puedan establecer.

Tercero: notificar el presente acuerdo a la designada, dar cuenta al Pleno en A primera sesión que haya y publicarlo en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

Rairiz de Veiga, 3 de agosto de 2016. La alcaldesa.

Fdo.: Josefa Asunción Morgade Rúa.

R. 2.617

Rairiz de Veiga

Edicto

Convocatoria para a contratación laboral que se indica a continuación, segundo Decreto da alcaldesa de data 01/08/2016:

1. Número de prazas: 1
2. Denominación: auxiliar de limpeza
3. Contrato laboral a formalizar: contratación laboral temporal para obra ou servizo determinado.
4. Xornada: completa, 40 horas semanais, de luns a venres.
5. Sistema de selección: concurso de méritos.
6. Duración do contrato: ata fin do curso escolar 2016/2017 (ata o día 30/06/2017).
7. Salario bruto mensual: 1.076,25 € (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias)
8. Tarefas a realizar: limpeza do CEIP do Concello de Rairiz de Veiga.
9. Prazo e lugar para presentación de solicitudes: 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas.
10. O texto íntegro das bases de selección están publicadas no taboleiro de anuncios do concello

Rairiz de Veiga, 1 de agosto de 2016. A alcaldesa.

Asdo.: Josefa Asunción Morgade Rúa.

Edicto

Convocatoria para la contratación laboral que se indica a continuación, según Decreto de la alcaldesa de fecha 01/08/2016:

1. Número de plazas: 1
2. Denominación: auxiliar de limpieza.
3. Contrato laboral a formalizar: contratación laboral temporal para obra o servicio determinada.
4. Jornada: completa, 40 horas semanales, de lunes a viernes.
5. Sistema de selección: concurso de méritos.
6. Duración del contrato: hasta fin del curso escolar 2016/2017 (hasta el día 30/06/2017).
7. Salario bruto mensual: 1.076,25 € (incluidos todos los conceptos salariales y la parte proporcional de las pagas extraordinarias).
8. Tareas a realizar: limpieza del CEIP del Ayuntamiento de Rairiz de Veiga.
9. Plazo y lugar para presentación de solicitudes: 5 días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio en el BOP, en el Registro general del ayuntamiento en horario de 9:00 a 14:00 horas.
10. El texto íntegro de las bases de selección están publicadas en el tablero de anuncios del ayuntamiento.

Rairiz de Veiga, 1 de agosto de 2016. La alcaldesa.

Fdo.: Josefa Asunción Morgade Rúa.

R. 2.604

Sandiás

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do regulamento de servizos culturais, recreativos e de lecer, cuxo texto íntegro publícase, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento servizos culturais, recreativos e de lecer.

Segundo.- Expoñer ao público este acordo de aprobación inicial no taboleiro de anuncios do concello durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Dito anuncio de exposición será publicado, así mesmo, no Boletín Oficial da Provincia, contándose o devandito prazo de 30 días a partir do día seguinte ao desta publicación.

Terceiro.- No caso de non presentarse reclamacións, enténdese definitivamente adoptado este acordo, debendo de cumprirse o trámite da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo

Regulamento de servizos culturais, recreativos e de lecer.

1. Obxecto.

En virtude da competencia xeral que para as entidades locais atribúe o artigo 25.1 e 25.2. m) da Lei de bases de réxime local, o Concello de Sandiás poderá organizar actividades culturais, recreativas ou de lecer con carácter ocasional. Este regulamento ten como obxecto establecer as normas de funcionamento das devanditas actividades.

2. Descrición do servizo.

Os servizos prestados polo concello poderán ser:

Viaxes organizadas, incluíndo visitas a monumentos, museos, zoolóxicos, espectáculos e atraccións.

Organización de concursos, campionatos, xincanas ou participación nos mesmos.

Organización de campionatos deportivos con carácter ocasional ou participación nos mesmos.

Desprazamentos para asistencia a eventos.

Organización de cursos, xornadas, talleres formativos ou de lecer, festas, comidas populares, andainas, espectáculos nos locais do concello.

A recepción destes servizos terá sempre carácter voluntario para os usuarios.

3. Destinatarios.

Ao organizarse cada actividade e de acordo coa finalidade da mesma determinarase motivadamente os usuarios aos que está destinado: idade, situación laboral ou familiar, profesión, etc.

O número máximo de participantes poderá ser limitado dependendo dos medios dispostos polo concello para cada actividade. En tal caso, se é necesario, determinaranse motivadamente os criterios de preferencia. En todo caso terán preferencia os cidadáns empadroados no termo municipal.

Poderán ser usuarias as persoas con minusvalías, enfermidades ou necesidades que requiran coidados ou atencións especiais a condición de que os medios persoais e materiais dispostos polo concello para a realización da actividade sexan suficientes. Pola contra poderá denegarse a participación ou condicionarse á chegada polo interesado dos medios adicionais que sexan necesarios.